

MARZO/ABRIL 2019

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



MARZO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
					1	2
						3
						Déixalle ao DJ
4 Obradoiro de máscaras surrealistas Obradoiro de danzas de Entroido	5 Obradoiro de xenerais da Ulla	6	7	8 Día da Muller	9	10
11	12	13 Tardes xogantinas	14 O ratíño presumido	15 Romería Cun ollo aberto	16 Chove Vermú de contos	17
18	19 Día do Pai	20 Tardes xogantinas	21	22	23	24
25	26	27 Tardes xogantinas	28 Estrazalonia	29 Arlequina	30 Arlequina Descubre... Mini-Mozart	31

ABRIL

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	2	3 Tardes xogantinas	4 Contos para bebés	5	6 Conversando Multiplica Patapúm	7 Gran Gala de Circo en Compostela Multiplica
8	9 Tardes xogantinas	10	11	12	13	14
15	16	17	18 Xoves Santo	19 Venres Santo	20	21
22	23 Tardes xogantinas	24	25	26	27 Gatuxo	28
29	30	<hr/> <hr/> <hr/> <hr/>				



Déixalle ao DJ

A Run Run

Domingo 3 de marzo ás 17 h

Sala Capitol

Concurso de disfraces e premios con animación, baile, sorteo de agasallos. Animación a cargo de A Run Run.

Ata 14 anos. Entrada libre. Inscricións para o concurso de 16.30 h a 17.45 h

Obradoiro de máscaras surrealistas

Aletea

Luns 4 de marzo de 12 a 14 h

Pazo de Bendaña

Aprenderemos a elaborar máscaras de Entroido con diferentes materiais.

De 3 a 10 anos


Entrada libre ata completar a capacidade

Obradoiro de danzas de Entroido

Pesdelán

Luns 4 de marzo de 18 a 20 h

Pazo de Bendaña



Ensaiaremos diferentes bailes de Entroido guiadas pola experiencia de Pesdelán.

Público familiar. Prazas limitadas. Inscrición en teatroprincipal@santiagodecompostela.gal

Obradoiro de xenerais da Ulla

Aletea

Martes 5 de marzo de 12 a 14 h

Pazo de Bendaña

Obradoiro de elaboración de traxes de Entroido tradicional de xenerais da Ulla.

De 6 a 10 anos

Entrada libre ata completar a capacidade

Tardes xogantinas

Xandobela

os mércores desde o 13 de marzo ata o 26 de xuño (agás non lectivos) de 18 a 19.30 h

Ludoteca María Miramontes (As Fontiñas)

Xoguetoloxía, xogos predeportivos, populares e tradicionais, coa lingua e a tradición oral, de enxeño e intelixencia, musicais, bailados... e un laboratorio xogantín para pasarmos un tempinho socializando en galego a través do xogo.

De 3 a 6 anos

Inscrición na recepción do centro 10 minutos antes do comezo de cada sesión. 15 prazas

O ratiño presumido

Trinketrinke Teatro

Xoves 14 ás 17 e 18 h

CC do Ensanche



A gran Lilí Gruyère vén de recibir un importante encargo profesional: a dirección do musical "A ratiña presumida". Despois de reflexionar sobre os valores que transmite este conto, decide facer a súa propia versión: "O ratiño presumido". As crianzas e mais as mamás e papás participarán na desmontaxe de prexuízos en favor da igualdade entre homes e mulleres.

De 3 a 7 anos. Inscricións do 4 ao 8 de marzo en dl@compostelateatro.gal

Sesión das 17 h. 25 prazas.

Sesión das 18 h. 25 prazas

ATLANTICA

festival internacional de narración oral

O festival internacional de narración oral segue a medrar ano tras ano. Desta volta en Compostela, para o público infantil e en galego, poderemos gozar de varias actuacións. Entrada libre

Romería

Raquel Queizás
Venres 15 de marzo ás 18 h
CC do Castiñeirío

Cun ollo aberto

Ramiro Neira
Venres 15 de marzo ás 19.15 h
CC de Conxo

Chove

Fátima Villamel
Sábado 16 de marzo ás 12 h
Museo do Pobo Galego

Vermú de contos

Ángeles Goás, Sofía Maul e Vero Rilo
Sábado 16 de marzo ás 12 h
Praza de Cervantes e rúas da contorna

Estrazalonia

O Baúl da Tía Tola

Xoves 28 de marzo ás 17.30 h

CC do Ensanche

A Estrazalonia chegan Tilín e Tilón, cada unha co seu son, e alí atoparán un mundo de papel, onde todo é o que cada quen quere que sexa.

Neste mundo a cativada descubrirá novas texturas, novos sons, a maxia das transformacións e o poder da imaxinación.

De 1 a 5 anos. Inscricións do 18 ao 22 de marzo en dl@compostelateatro.gal. 30 prazas

Arlequina

Os Monicreques de Kukas

Venres 29 e sábado 30 de marzo ás 18.30 h

Teatro Principal

Divertida, misteriosa e trepidante aventura dunha peculiar e curiosa marioneta chamada Arlequinan na procura da súa identidade e que conta para iso coa axuda de Marchelino, un vello e estrafalario artista e titiriteiro. Espectáculo de gran formato que combina o traballo de actor e a pantomima coa animación de monicreques e a maxia coa música en directo.

+ 4 anos. Entradas: 4 euros. Outras modalidades e adquisición en compostelacultura.gal

Descubre. Mini-Mozart

Real Filharmonía de Galicia

Sábado 30 de marzo ás 18.30 h

Auditorio de Galicia

Unha aventura dos nosos días vista cos ollos e oídos doutros tempos, onde as personaxes saen da música e viven nela cun entusiasmo contaxiante.

Espectáculo en que se crea o ambiente para gozar da música de Mozart, con interacción entre os personaxes e o público así como entre os personaxes e a orquestra.

+ 6 anos. Entradas: 5 euros. Outras modalidades e adquisición en compostelacultura.gal

Contos para bebés

Pavís Pavós

Xoves 4 de abril ás 17 e ás 18 h

CC do Ensanche

Sesión de contos, arrolos, cantos e ladaíñas para goce dos bebés. Ao mesmo tempo, as mamás e os papás poderán recuperar e transmitir parte da nosa rica tradición oral levando para as súas casas unha mostra destes recursos e desenvolvementos en familia.

De 1 a 4 anos. Inscricións do 25 ao 29 de marzo en dl@compostelateatro.gal

Sesión das 17 h. 25 prazas.

Sesión das 18 h. 25 prazas

Conversando. Crianzas hiperregaladas e síndrome do emperador

Club C!

Sábado 6 de abril de 12.30 a 14 h

Ambigü do Teatro Principal

Faladoiro arredor dos temas principais do espectáculo da tarde Patapúm de Elefante Elegante. As síndromes que lles afectan ás crianzas de hoxe en día e que deixan ver unha relación disfuncional entre estas e os seus pais/nais, baseadas no material, na falta de escoita e tempo de calidade en familia.

Público adulto

Entrada libre ata completar a capacidade do espazo

Multiplica. Xógase con calquera cousa!

Club C!

Sábado 6 de abril de 16.15 a 18.15 h

Ambigü do Teatro Principal

Dúas horas para desenvolver a creatividade ideando recursos de xogo con calquera cousa que poidamos atopar pola casa, construíndo entre todos/as e dándolle importancia ao enxeño por riba do deseño.

Actividade relacionada con Patapúm de Elefante Elegante que se pode ver a continuación.

Público familiar, actividade interxeracional

Inscrición en comunicacion@auditoriodegalicia.org

40 prazas

Patapúm

Elefante Elegante

Sábado 6 de abril ás 18.30 h

Teatro Principal

As nais e pais cun relativo poder económico, desexando a felicidade dos seus fillos e fillas, adoitan ofrecerles moreas de xoguetos e intentan buscarlles ocupacións permanentes para estimulalos, para que se desenvolvan e non se aburran. Pero o aburramento non é sempre negativo, pode ser estruturante e desenvolver a súa creatividade. Por outra banda, pode acontecer que eses obxectos materiais, eses agasallos, intenten colmar a falta de tempo que os proxenitores teñen para dedicarles aos seus fillos. Unha reflexión sobre a presenza dos bens materiais na relación paterno-filial.

De 4 a 8 anos

Entradas: 4 euros. Outras modalidades e adquisición en compostelacultura.gal

Gran Gala de Circo en Compostela

Coordinada por PistaCatro

Domingo 7 de abril ás 18.30 h

Auditorio de Galicia

Compostela é unha cidade de circo. Numerosos artistas circenses residen na cidade e queren celebrar o seu día, o Día Internacional do Circo, facendo unha mostra do mellor do seu traballo e dos mellores e números colegas do estado. A Gran Gala de Circo contará cunha completísima variedade de números das disciplinas máis sorprendentes e arriscadas.

+ 4 anos

Entradas: 4 euros. Outras modalidades e adquisición en compostelacultura.gal

Multiplica. Pan con circo!

Club C!

Domingo 7 de abril de 16 a 18 h

Cafetería Lasso do Auditorio de Galicia

Pan con circo! fai do Auditorio de Galicia non só o espazo da Gran Gala do Circo de Compostela en 2019 senón un territorio en que "crianzas" de 4 a 99 anos poderán experimentar nun obradoiro de saltimbanquis, disciplinas circenses como a acrobacia, o equilibrio e os malabares.

A cafetería Lasso estará aberta para unha merenda antes do comezo da gala.

Público familiar, actividade interxeracional


De balde ata completar capacidade do espazo

Gatuxo

Magín Blanco

Sábado 27 de abril ás 18 h

CC de Santa Marta



Gatuxo é unha metáfora do crecemento na infancia e do descubrimento do mundo dende unha perspectiva artística: Gatuxo é arquitecto dunha caixa, é músico na cociña, é pintor de garabatos, é bailarín de claqué, é cantante, é titiriteiro cos obxectos cos que salta e, por suposto, é o narrador da súa propia historia. Gatuxo é a semente da arte mesma.

Espectáculo que recuperamos para os máis pequenos, onde se fusionan as artes, a música, as cantigas, o teatro, os contos, o clown, a manipulación de obxectos ou o claqué.

De 0 a 5 anos

De balde. Retirada de entradas no CC de Santa Marta desde o 6 de abril. O 20% reservado para a súa retirada unha hora antes do espectáculo.

8 MULLERES

Nas letras de Rosalía e Xohana Torres, nas notas do piano de Eugenia Osterberger, nos amallós das botas de Vero Boquete, nos petos da bata de Ramona Vaamonde, nos pinceis de Concha Vázquez, nas personaxes de Nerea Barros, no lume novo dos fogóns de Lucía Freitas ou nas roupas floreadas e coloridas das Mariás pode respirarse, abofé, o aire de Compostela, a cidade que as viu nacer.

Para este 8 de marzo propómosvos que investiguedes en familia sobre estas oito mulleres compostelás, que encetaron un camiño de referencia,

no que as vosas pequenas están a dar os seus primeiros pasos. Coñecelas é tamén coñecerse e tomar consciencia de que se pode

conseguir calquera cousa que unha se propoña. O futuro é delas e seguro que pouco a pouco o han ir pintando de cor violeta.



ROSALÍA DE CASTRO



XOHANA TORRES



EUGENIA OSTERBERGER



VERÓNICA BOQUETE

Profesora de microbioloxía que coa súa investigación evitou unha epidemia do virus do cólera.

Chef integrante do grupo gastronómico galego Grupo Nove e que conta cunha Estrela Michelin.

Compositora e pianista. Unha das primeiras mulleres que formou parte da Real Academia Galega.

Actriz gañadora dun Premio Goya como mellor actriz revelación.

Escribiu *Cantares gallegos*, primeira gran obra da literatura galega contemporánea.

É unha das mellores futbolistas do mundo. Xoga nas Utah Royals, un equipo dos EUA.

Pintora que nos seus retratos fai que os ollos das modelos cobren vida.

Escribiu *Adiós María*. Hai unha casa en Compostela que leva o seu nome.



RAMONA VAAMONDE



CONCHA VÁZQUEZ



NEREA BARROS



LUCÍA FREITAS

Seredes quen de relacionar cada unha coa súa nota biográfica?